



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Expedientes n.º 98/2024

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE PADRÓNS FISCAIS

Mediante Certificado de acordo da XGL de día: 31-01-2024 apróbase padrón de vados complementario do ano 2020-2021-2022-2023 por aplicación da Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, co obxecto de proceder a corrección de certos recibos.

Os padróns expóñense ao público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos no caso de que transcorrido o devandito prazo de exposición pública non se presentase reclamación ningunha contra estes. Esta exposición servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas aos Padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde, segundo o disposto no artigo 14.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao do remate da exposición pública do Padrón. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a resolución do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Normas de pagamento e extinción de débedas:

1.-O pagamento das débedas vai de 22 de xaneiro de 2024 a 24 de marzo de 2024 (ambos inclusive)

2 O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, na que se presentará o documento de ingreso que se envía por correo aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria ou nas oficinas municipais, e deberán realizar o pagamento.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Burela, 2 de febreiro de 2024.- A alcaldesa, Maria del Carmen López Moreno.

R.0511

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 1 de decembro de 2023, prestou aprobación á modificación da relación de postos de traballo, coa creación dos catro postos de traballo de persoal laboral fixo da área de Servizos Sociais para o Servizo de Atención Temperá segundo a proposta da Alcaldía ao respecto. En

cumprimento do establecido na lexislación vixente, someteuse ao trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, publicándose no Boletín Oficial da Provincia núm. 298 de 30 de decembro de 2023.

Transcurrido o prazo, sen presentarse reclamacións, quedou definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo procederse á publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O servizo ten como finalidade o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, familia e entorno, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias e permanentes que presentan nenos e nenas con trastornos en desenvolvemento, ou risco de padecelo. Está regulado polo Decreto 183/2013 de 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá.

O servizo a prestar, con sede en Friol, agrupa a área xeográfica de Friol, Begonte, Guntín, Palas de Rei e Rábade. Consta de catro postos de traballo: enfermera/o, sicóloga/a, lopepeda e terapeuta ocupacional. Na actualidade están desempeñados por persoal laboral temporal.

Non obstante, considerando que se está ante postos de natureza estrutural, no senso de que se prestan de forma ordinaria e visto que para manter a xestión directa do servizo, así como o art. 20 da lei 31/2022 de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 2023, considérase que están excluídos do cálculo da taxa de reposición de efectivos ao tratarse de novos servizos.

Polo tanto, propónse a creación dos catro postos de traballo, coa conseguinte modificación da RPT. Unha vez teña eficacia, os contratos, agora laborais temporais deberán transformarse en interinos por vacante, mentres se realiza o proceso de selección, para o que disporá dun máximo de tres anos (art. 70 do R.D. lex 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público.

Os Postos de traballo serían do GRUPO A , SUBGRUPO A 1, NCD 22, C.E 200,78 €/MES (2.18092 € ano, incluídas as dúas adicionais de xuño e decembro).

Contido dos postos de traballo:

Enfermera/o: coordinación do servizo, control de historias clínicas, xestión administrativa e técnica da axenda da unidade, recepción da demanda dos casos, deformidades craneais posicionais, apoio coterapéutico en todas as profesionais, orientación familiar. Tamén visitas do terreo, coordinación con profesionais sanitarios (pediatras, especialistas e atención primaria) escola e servizos sociais, realización de acollidas, entre outras.

Sicólogo/a: análise, valoración e intervención integral en todas as áreas do desenvolvemento do neno ou nena, sicoterapia en idades temperás co obxectivo principal de mellorar e incrementar a funcionalidade do infante en todos os contextos e contornas vitais, potenciar e favorecer as capacidades cognitivas e de desenvolvementos nos campos socioemocionais e condutuais, asesoramento familiar, entre outras.

Logopeda: centra o seu traballo na prevención, avaliación e intervención nas dificultades detectadas en nenos con desenvolvemento típico ou atípico de linguaxe oral, escrita (lectura e escritura), fala, voz, audición e alimentación a través de técnicas específicas da súa disciplina, como por exemplo trastorno do espectro autista, dislalias, dislexia, atraso na adquisición da fala, entre outras.

Terapeuta ocupacional: preténdese mellorar a calidade de vida dos nenos e familias en función das dificultades que presenten, xa sexan cognitivas, motoras, sensoriais, etc, potenciando estas capacidades e favorecendo maior autonomía e independencia na vida diarias. Tamén se realizan adaptacións do entorno/material e entrénase en produtos de apoio para facilitar o desempeño ocupacional, entre outras.

De conformidade co establecido na lexislación vixente, unha vez definitivamente aprobada, procédese á súa publicación para xeral coñecemento e aos efectos oportunos. Contra o mesmo poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes (contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio ante o órgano que o ditou), ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo dous meses (contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio). Non se poderá interpor recurso contencioso ata que se resolva expresamente, ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición.

Friol, 21 de febreiro de 2024.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0512

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2023-0606, foi aprobado o PADRÓN PAI –OUTUBRO 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 1 de decembro de 2023.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0513

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0004, foi aprobado o PADRÓN PAI -NOVEMBRO 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 12 de xaneiro de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0514

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0016, foi aprobado o PADRÓN PAI -DECEMBRO 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 26 de xaneiro de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0515

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0017, foi aprobado o PADRÓN SAF -NOVEMBRO2023, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas,

iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 26 de xaneiro de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0516

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0042 ,foi aprobado o PADRÓN SAF -DECEMBRO2023, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 6 de febreiro de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0517

AS NOGAIS

Anuncio

De acordo coa resolución de Alcaldía ditadao día 21 de febreiro de 2023, nº 2024-0036, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de **concurso-oposición** posterior contratación duntécnico medio de xestión, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación dos Concellos 2024, da Deputación Provincial de Lugo (Reforzo do Emprego).

Duración do Contrato:Doce meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintesao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas**bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas napáxina web **www.concelloasnogais.es** e no **taboleiro de edictos** do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

As Nogais, 21 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0518

O PÁRAMO

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 20 de febreiro de 2024 aprobáronse as bases para selección de persoal laboral temporal, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social “Programa reforzo do emprego 2023”:

a) 2 peóns de obras (6 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello do Páramo e na **[sede electrónica do Concello do Páramo](https://concellodeparamo.sedelectronica.gal)** <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

O Páramo, 20 de febreiro de 2024.- O alcalde, José Luis López López.

R. 0519

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE XANEIRO 2024.

Por Resolución de alcaldía do 16 de febreiro de 2024, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes,entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A)Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 12 de marzo de 2024 ao 13 de maio 2024**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 12 de marzo de 2024 ao 13 de maio de 2024**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 19 de febreiro de dous mil vinte e catro.

A Pontenova, 21 de febreiro de 2024.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0520

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **12 de febreiro de 2024** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de xaneiro de 2024**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 21 de febreiro de 2024. A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 0521

TABOADA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL MC G45/2024**

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2024 acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Taboada, 21 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín

R. 0522

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA MODIFICACIÓN DE ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DE 2024. (EXP G45/2024).

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 21 de febreiro de 2024 a modificación do Anexo de Subvencións nominativas de 2024, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Taboada, 21 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín

R. 0523

O VALADOURO*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto que tivo entrada neste Concello, o día 19 de febreiro de 2024, número 2024-E-RC-491, escrito de D. José Francisco Real Castro, con DNI ***2806**, en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo mediante o cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalería deste Concello, en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas :

CARNAVAL: Todas as noites desde a noite do 8 ao 9 de febreiro (xoves de carnaval) ata a noite do 12 ao 13 de febreiro (incluída).

SEMANA SANTA: todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de marzo ata a noite do 30 ao 31 de marzo (incluída).

FESTA DO TRABALLO: a noite do 30 de abril ao 1 de maio.

LETRAS GALEGAS: Todas as noites desde o 16 ao 17 de maio ata a noite do 18 ao 19 de maio.

FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO: a noite do 24 ao 25 de xullo.

FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN: a noite do 14 ao 15 de agosto.

DÍA DA HISPANIDADE: a noite do 11 ao 12 de outubro e a noite do 12 ao 13 de outubro.

TODOS OS SANTOS: Todas as noites desde a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 2 ao 3 de novembro (incluída).

PONTE DA CONSTITUCION: Todas as noites desde a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).

FESTAS DE NADAL: todas as noites desde a noite do 20 ao 21 de decembro de 2024 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2025 (incluída).

Visto que en relación coa solicitude cursada, neste Concello está programada a celebración do Mercado de Primavera o día 23 de marzo de 2024 e a Festas do Oito de O Valadouro o día 7, 8 e 9 de setembro de 2024.

Considerando o carácter excepcional destas datas, e tendo en conta que durante as mesmas, desfrutarase de máis tempo na rúa, ocasionando un ambiente popular e festivo, o que tamén podería repercutir en beneficio do comercio local.

Visto o artigo 9 da Orde de Outubro de 2020 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu temo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliación de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.”

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación;

Por todo o exposto, **RESOLVO:**

PRIMERO:A ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalería, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades seguintes e con produción de efectos desde a data da presente resolución:

CARNAVAL: Todas as noites desde a noite do 8 ao 9 de febreiro (xoves de carnaval) ata a noite do 12 ao 13 de febreiro (incluída).

SEMANA SANTA: todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de marzo ata a noite do 30 ao 31 de marzo (incluída). Esta anualidade sería coincidente coa festividade do **MERCADO DE PRIMAVERA**.

FESTA DO TRABALLO: a noite do 30 de abril ao 1 de maio.

LETRAS GALEGAS: Todas as noites desde o 16 ao 17 de maio ata a noite do 18 ao 19 de maio.

FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO: a noite do 24 ao 25 de xullo.

FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN: a noite do 14 ao 15 de agosto.

FESTAS DO OITO: a noite do 7,8 e 9 de setembro.

DÍA DA HISPANIDADE: a noite do 11 ao 12 de outubro e a noite do 12 ao 13 de outubro.

TODOS OS SANTOS: Todas as noites desde a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 2 ao 3 de novembro (incluída).

PONTE DA CONSTITUCION: Todas as noites desde a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).

FESTAS DE NADAL: todas as noites desde a noite do 20 ao 21 de decembro de 2024 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2025 (incluída).

SEGUNDO: Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo, así como á Garda Civil de O Valadouro, para o seu coñecemento.

TERCEIRO: Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, así como no taboleiro de anuncios do Concello de O Valadouro.

O Valadouro, 21 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, María José Fernández Díaz.

R. 0524
